

A Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón - Arteixo é unha organización empresarial sen ánimo de lucro que agrupa, con carácter voluntario, ás empresas situadas no Polígono de Sabón e con esta Carta de Servizos, a asociación pretende difundir os compromisos de calidade que asume na prestación dos seus servizos, tanto para as empresas asociadas como para aquelas que non o están, e para as institucións e persoas en xeral que se interesan por estes.

Para asegurar a súa adecuada vitalidade e evolución, ademais, definíronse internamente os indicadores necesarios para poder medir e avaliar o grao de cumprimento alcanzado pola asociación, así como o interese e a satisfacción das empresas e persoas usuarias cos servizos prestados, de modo que a oferta destes poida axustarse en todo momento ás necesidades e intereses do polígono, contribuíndo á súa mellora e potenciación.

E igualmente, a través da mesma, realízase a difusión dos medios e canles para favorecer a participación das partes interesadas na súa versión e como garante do cumprimento dos compromisos adquiridos.



"Este é o noso compromiso
coa calidade"

Canles de participación

Contacta con nós para axudarnos a mellorar, transmitirnos as túas opinións, queixas, reclamacións ou intereses, a través dos seguintes medios:



<http://poligonosabon.org>



asociacion@poligonosabon.org



981 64 09 66



981 63 33 11



Centro Arteixo Innovación
Avda Arsenio Iglesias, 46. Polígono de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)

Atópanos aquí



Carta de Servizos



Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón - Arteixo

Aprobación: 15/11/2017
Última validación: 15/11/2017

Co cofinanciamento da



Deputación
DA CORUÑA

I. XESTIÓNS, INTERLOCUCIÓN E REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

- Atender demandas de xestión das empresas asociadas e realizar as indagacións precisas para acadar solucións no menor prazo posible.
- Transmitir e xestionar perante as AA.PP. e institucións as queixas, reclamacións ou comunicacións en defensa das empresas asociadas.
- Asistir e actuar en representación das empresas asociadas en reunións e foros institucionais.
- Seguir as actuacións sobre servizos e infraestruturas do polígono para velar pola súa correcta execución e xestión.
- Participar en actos institucionais en representación do polígono.
- Colaborar e participar en proxectos conxuntos e integrarse en organizacións que promovan os intereses das empresas asociadas.
- Posibilitar a interlocución e coordinación de terceiros coas empresas do polígono en proxectos ou eventos de interese.

Compromisos:

- Primeira resposta ás demandas no mesmo día
- Tramitación de xestións no mesmo día que se presenten
- Seguimento semanal ata pechar o 100% das xestións
- Seguimento cando menos semanal das actuacións no polígono

III. FORMACIÓN

- Manter accesible e operativa a aula virtual da asociación a través do enderezo <http://aula.poligonosabon.org>
- Organizar accións formativas propias, en modalidade presencial ou online, en función das demandas das empresas asociadas, coa posibilidade de abrir a terceiros se non se cubren as prazas.
- Trasladar ás empresas asociadas as ofertas formativas achegadas por terceiros que poidan ser de interese para elas.
- Poñer a aula virtual ao servizo das empresas asociadas para a realización na mesma de cursos para o seu persoal.
- Permitir ao persoal de empresas asociadas e a desempregados de Arteixo o acceso gratuíto aos cursos abertos da aula virtual.
- Participar en proxectos formativos vinculados cos fins da asociación xunto con administracións e institucións do contorno do polígono.

Compromisos:

- Manter a aula virtual operativa 24x7
- Trasladar ofertas de formación nos 2 días seguintes á recepción
- Aloxar contidos na aula virtual o mesmo día que se reciban
- Participar cando menos nun proxecto formativo ao ano

V. EMPREGO

- Dispoñer para as empresas asociadas dun acceso privado na bolsa de emprego conxunta da asociación e o Concello de Arteixo, para realizar sondaxes sobre a base de datos e localizar persoas candidatas a postos de emprego ofertados.
- Dispoñer para outras empresas a posibilidade de publicar unha oferta de emprego para a obtención de persoas candidatas á mesma.

Compromisos:

- Manter os servizos a través de Internet operativos 24x7



Os nosos servizos e os nosos compromisos coa calidade

II. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

- Elaborar e distribuír información periódica sobre temas de interese para as empresas asociadas.
- Atender as demandas de información realizadas polas empresas asociadas e realizar as indagacións precisas para darlles resposta.
- Actualizar o portal web da asociación para incluír as novas máis relevantes e de maior interese en cada momento, así como para manter actualizados os restantes contidos, renovándoos ou ampliándoos cando resulte necesario.
- Atender, na medida das posibilidades, as demandas de información realizadas por empresas, institucións e persoas usuarias en relación aos ámbitos da asociación, para darlles resposta no menor prazo.
- Manter accesible para consulta por parte do público en xeral unha sección de escaparate do polígono, con información básica das empresas asociadas.

Compromisos:

- Primeira resposta ás demandas no mesmo día
- Manter os servizos a través de Internet operativos 24x7

IV. VIXILANCIA PRIVADA

- Dispoñer de vixilantes uniformados e armados para a vixilancia do polígono durante a noite, fins de semana e festivos.
- Realizar actuacións de vixilancia e control, no horario nocturno, fins de semana e festivos, de parcelas e naves de empresas abonadas.
- Alertar ás empresas abonadas nas que se produzan incidencias de seguridade no mesmo momento en que estas se coñezan.
- Comunicar ás autoridades competentes as incidencias de seguridade que se produzan no momento en que se coñezan.
- Posibilitar a personalización a medida do servizo de vixilancia de acordo ás necesidades de cada empresa abonada ao servizo.

Compromisos:

- Dispoñer de 2 vixilantes uniformados e armados no horario indicado
- Asegurar a prestación do servizo conforme ao pactado coa empresa
- Alertar sobre incidencias relevantes no momento en que se coñezan
- Comunicar ás autoridades as incidencias en canto se coñezan

VI. XESTIÓN DO SOLO

- Por a disposición das empresas asociadas a posibilidade de anunciar a través da web da asociación o aluguer ou venda de solo industrial ou naves da súa propiedade no polígono de Sabón.
- Permitir ao público en xeral o acceso a información actualizada, na parte pública do portal web da asociación, sobre ofertas de solo ou naves en aluguer ou venda dentro do polígono.
- Recibir e atender consultas relacionadas coa dispoñibilidade de solo industrial ou naves no polígono, empregando para isto o mesmo medio polo que estas consultas sexan recibidas.

Compromisos:

- Publicar os anuncios no mesmo día en que se reciban
- Primeira resposta ás solicitudes no mesmo día que se reciban
- Manter os servizos a través de Internet operativos 24x7

